

**Acta núm. 16/2021.**  
**Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local**  
**do 6 de xullo de 2021.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

María Rosa Romero Fariña.  
 Carlos Noya Pereira.  
 José Luis Sampedro Bouzas.  
 Sandy Marie Cebral Gómez.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 12,00 horas do 6 de xullo de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 15/2021, DO 29.06.2021.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA.
- 4º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 5º) ROGOS E PREGUNTAS.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 15/2021, DO 29.06.2021.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 29.06.2021, acta núm. 15/2021.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ MANUEL GARCÍA ÁLVAREZ, na que comunica que vai realizar as seguintes obras de conservación na vivenda de Brión de Arriba 11, Brión:

- .- Substituír a totalidade da tella existente en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento.
- .- Selado das fiestras.
- .- Limpeza, encintado e colocación de pedra, no muro de pedra en contacto co vial, a máis de 4 metros do eixo da vía.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 5261801NH2456S0001UT) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), sitúase nunha aldea integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como BE3, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:
  - .- Non se modificará a altura do muro de pedra en contacto co vial.
- 2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
  - .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 224,64 euros.
  - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
 Total: 289,21 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN JOSÉ CACHO NIETO, na que comunica que vai realizar obras de conservación nas fachadas, pintando e colocando aplacado de pedra, para garantir as condicións de estanquidade e illamento, na Rúa da Senra 16, Os Ánxeles.

A edificación onde se van realizar as obras (referencia catastral 848415NH2464N0001BD) atópase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 84,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 148,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL FERREIRO FREIRE, na que comunica que vai construír unha edificación auxiliar illada (alpendre) de 49 m2, dunha única planta e escasa entidade construtiva, con bloque de formigón e tella como material de cubrición, situada mínimo a 3 metros de tódolos lindeiros, no Cabo 16, Os Ánxeles.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7649458NH2474N0001AJ) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- As fachadas do alpendre estarán convenientemente revestidas e pintadas.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 164,31 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 228,88 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de BELÉN ARIAS RODRÍGUEZ, na que comunica que vai construír un peche na Caxusa 16, Bastavales, coas seguintes características:

.- O peche de separación coas parcelas lindantes, aproximadamente 144 metros lineais, con tres filas de bloque de formigón branco e reixa metálica ata unha altura total de 1,80 metros medidos desde a rasante natural do terreo.

.- O peche en contacto coa vía pública, 66 metros lineais, con muro tradicional de sillares de pedra ata 1 metro de altura, enriba celosía de aluminio ata 1,80 metros de altura medidos desde a rasante natural do terreo e dous portalóns de entrada (un de vehículos e outro peonil).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 8209826NH2480N0001QX) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O peche en contacto coa vía pública, 66 metros lineais, situarase segundo plano de situación do proxecto de execución redactado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado no

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 12/06/2020 (n.r.e.: 2002654), en base ao cal se outorgou licenza para construción de vivenda pola Xunta de Goberno Local o 01.07.2020.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 474,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 539,17 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por IVÁN LOSADA VILLAR, na que comunica que vai construír un peche en Gándara 23, San Salvador, coas seguintes características:

.- O peche de separación coas parcelas lindantes, aproximadamente 170 metros lineais, con tres filas de bloque de formigón branco e reixa electrosoldada ata unha altura total de 1,80 metros medidos desde a rasante natural do terreo.

.- O peche en contacto coa vía pública, 18,40 metros lineais, con muro tradicional de sillares de pedra ata 1,80 metros de altura medidos desde a rasante natural do terreo e dous portalóns de entrada (un de vehículos e outro peonil).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 8133806NH2483S0001SS) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O peche en contacto coa vía pública, 18,40 metros lineais, situarase segundo plano de situación do proxecto de execución redactado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado o 15.07.2020 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (n.r.e.: 2003266), en base ao cal se outorgou licenza para construción de vivenda pola Xunta de Goberno Local o 28.07.2020.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 288,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 352,57 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por GEMMA MARÍA TRONCOSO REGO, na que comunica que vai construír unha edificación auxiliar (alpendre) de 50 m2, dunha única planta e escasa entidade construtiva, con fábrica de bloque e tella como material de cubrición, na Rúa Gondar, Brión.

A parcela onde se van realizar as obras atópase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 (UC2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- As fachadas do alpendre estarán convenientemente revestidas e pintadas.

.- Situarase fora do espazo destinado á edificación principal, segundo a ordenanza de aplicación, mínimo a 22 metros do eixe do vial, arrimada aos lindeiros (sen prexuízo de danos a terceiros), ou illada destes separada mínimo 3 metros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 167,66 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 232,23 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Antonio Domínguez López, que di actuar en representación de MARÍA DOLORES ÁLVAREZ RODRÍGUEZ, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta, tipo 3B, segundo a definición do Decreto 119/2019, polo que se regulan os criterios hixiénicos sanitarios das piscinas de Galicia, na Rúa da Pomba, Os Ánxeles.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6647311NH2464N0001FD) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 245,42 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 309,99 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN CAJUSO MACEIRA, na que comunica que vai reparar un depósito de auga privada que da servizo a cinco vivendas no lugar dos Ánxeles, realizando labores de limpeza e posterior revestimento con morteiro hidrófugo de cor gris. A actuación solicitada non modifica a estrutura e non incrementa o volume actual da edificación.

A parcela onde se van realizar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo rústico apto par urbanizar, polo que, segundo a Disposición Transitoria 1ª.2. b) da Lei 2/2016, do solo de Galicia, aplícaselle o disposto nesta lei para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 36,72 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 101,29 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JAIME JORGE LIÑARES, na que comunica que vai encintar as fachadas da vivenda de Pérros 17, Os Ánxeles, para garantir a conservación e as condicións de estanquidade e illamento da vivenda.

A edificación onde se van realizar as obras (referencia catastral 7036408NH2473N0001HM) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), sitúase dentro da aldea integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como AE5, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 8,00 euros.  
 Total: 8,00 euros.

### **TERCEIRO.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSEFINA BLANCO REY, na que solicita prórroga do prazo de remate das obras de reparación de cheminea da vivenda de Cornanda 10, Cornanda.

A Xunta de Goberno Local con data 15.09.2020, autorizou a Josefina Blanco Rey as obras para reparar a cheminea da vivenda de Cornanda 10, Cornanda, para garantir as condicións de estanquidade da mesma.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo para o remate das obras.

### **CUARTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA MERA CONSTENLA e GHALEB CONSTANTINO JABER MARTÍNEZ, na que solicitan licenza para construír unha vivenda unifamiliar en O Cabo 27, Os Ánxeles, segundo proxecto de execución asinado polo arquitecto Sergio Remacha Vecino, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos o 04.06.2021 (expte. núm. 2103275).

A parcela onde se pretende executar a obra (parcela resultante da agrupación das parcelas con referencias catastrais núm. 7549139NH2474N0001TJ, 7549140NH2474N0001PJ e 7549141NH2474N0001LJ) está clasificada como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución asinado polo arquitecto Sergio Remacha Vecino, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos o 04.06.2021 (expte. núm. 2103275).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (10,95 m<sup>2</sup>), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberá aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a

construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 10,95 m<sup>2</sup> destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 01 de xullo de 2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.293,56 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 305,13 euros.

Total: 3.598,69 euros.

#### **QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 12,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González